

10. O papel da muller na Idade Moderna

A **muller** ten un papel fundamental na sociedade española moderna, aínda que as estruturas sociais e de pensamento predominantes durante ese período relegárona a un **rol secundario**, alonxada dos cargos máis relevantes. Como consecuencia disto, os **estudos de xénero** na Idade Moderna enfróntanse a serias dificultades, xa que hai un rexistro moito máis extenso das actividades asociadas aos homes, que eran os que aspiraban a cargos relevantes na sociedade a nivel político, económico ou relixioso. Asimesmo, durante moito tempo os investigadores non consideraron necesario abordar a historia da muller, mentres poñían o foco sobre outros aspectos.

Durante o Antigo Réxime, **os dereitos das mulleres estaban moi limitados** debido a que eran consideradas inferiores aos homes. Así, estaban sempre sometidas á autoridade dun varón, primeiro dos seus pais e despois dos seus maridos.

Cargaban co peso das familias, xa que o seu **rol social básico era o do ámbito doméstico**, centrándose na crianza dos fillos e o mantemento do fogar ou facendo labores de coidadoras, fundamental para que outras actividades reservadas aos homes puideran desenvolverse. Así, o papel da muller na institución familiar era, esencialmente, a de **esposa, nai e transmisora da herdanza**.

A moralidade católica predominante na España moderna levaba a que unha das cuestións máis importantes para as mulleres era a da súa reputación, fundamentada no cumprimento destas ríxidas normas morais, o cal as sometía a unha privación da súa liberdade de movementos.

Sen embargo, e como reflexo da sociedade tradicional do Antigo Réxime, **a situación das mulleres podía variar dependendo do estamento e grupo social ao que pertencían**. As dos **grupos non privilexiados** tiñan como principal obxectivo o matrimonio, e apenas tiñan capacidade de decisión nas familias. No mundo rural tiñan que colaborar no traballo familiar, sendo os principais cometidos a agricultura, a artesanía (principalmente téxtil) ou como servizo doméstico de familias adiñeiradas ou nobres; raramente se retribuía economicamente o seu labor. As familias da burguesía urbana, a diferenza das campesiñas, podían permitir de forma excepcional ás mulleres acceder a unha educación elemental, coa que podían aprender a normas de lectoescritura (o acceso á educación durante a Idade Moderna era xa moi limitado en xeral, cunhas taxas de analfabetismo moi elevadas, pero no caso das mulleres a situación era moito peor).

No caso das **familias nobres**, a situación era similar, pero as taxas de alfabetización podían ser algo máis altas, xa que as mulleres deste estamento privilexiado tiñan un maior acceso á educación. Esta dábase, iso si, dentro do ámbito do fogar, coidando a formación relixiosa, e ás veces as artes, a música ou os idiomas. Eran excepcionais os casos nos que as mulleres, por ausencia do

varón, xestionaban o patrimonio da casa nobiliar. Adoitaban ser empregadas como moeda de cambio nas redes de alianzas entre as casas ou para fins económicos a través dos matrimonios.

Outra opción das mulleres era a de *ingresar no clero como monxas*, cando pasaban a vivir baixo as regras das distintas ordes relixiosas. Algunhas podían chegar a escalar na xerarquía eclesiástica chegando a ser abadesas dalgún mosteiro, aínda que a estrutura eclesiástica estaba dominada polos homes e a relevancia feminina era marxinal.

Será a Ilustración, a partir do século XVIII, a que comece a reclamar unha tímida posta en valor do papel da muller na sociedade, pero isto terá moi pouco impacto nesa época, máis se cabe ao ser España un país no que a pegada ilustrada é limitada.

Aínda así, ao longo da Idade Moderna podemos citar algunhas mulleres con certa relevancia, sobre todo no campo das letras, como a gramática Beatriz Galindo, “La Latina”, Santa Teresa de Jesús (ou de Ávila) ou a pintora italiana afincada en España Sofonisba Anguissola. Tamén tiveron unha gran influencia na vida política algunhas nobres como a Princesa de Éboli (en época de Felipe II) ou María Luisa de Parma (muller de Carlos IV).